

De conformidade coas guías e as instrucións da Dirección Xeral da Función Pública para a tramitación das relacións de postos de traballo das consellerías da Xunta de Galicia, formúlase esta modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Emprego e Igualdade (en diante, RPT).

A estrutura orgánica dos órganos competentes en materia de emprego e igualdade viña determinada no Decreto 175/2015, do 3 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG, nº 232, do 4 de decembro) e no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG Núm. 136, do 17 de xullo), e a actual RPT é a reflectida nas seguintes normas:

- a) Resolución de 6 de xullo de 2018 polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 5 de xullo de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- b) Resolución do 8 de novembro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de novembro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación.
- c) Resolución do 23 de novembro de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 22 de novembro de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- d) Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2018 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Non obstante, con data 11 de decembro de 2020 publicouse no DOG o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade. Por outra parte, está na actualidade en tramitación unha modificación do actual decreto de estrutura orgánica que require a adaptación da RPT, sempre condicionado, á aprobación definitiva previa desta modificación.

A presente proposta de modificación da RPT, da que se expoñen nesta introdución as modificacións máis relevantes, ten por obxecto por unha banda adaptar a RPT da consellería á nova estrutura da establecida no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, no referente á Secretaría Xeral Técnica e, por outra banda, a nova estrutura implica, ademais das creacións derivadas directamente da modificación orgánica que se detallan na xustificación funcional, a necesidade de crear tres postos de xefaturas de sección dentro da Secretaría Xeral Técnica para o seu funcionamento, dunha xefatura de sección na Secretaría Xeral da Igualdade e doutra xefatura de sección na Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como da creación doutras dúas seccións neste mesmo órgano coa previa amortización de dous postos base subgrupo A1, e determinados postos de secretario/a, como o da conselleira, da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Relacións Laborais. No conxunto da consellería, ademais das adaptacións derivadas das modificacións orgánicas, o que implica a modificación da adscrición orgánica de determinados postos, é necesario realizar tamén a modificación das denominacións dos mesmos postos nos casos que proceda, así como a realización dunha modificación da unidade de adscrición dun posto na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, refunde nun único departamento as atribucións, facultades, competencias e funcións que ata este momento viñan exercendo, dunha banda, a extinta Consellería de Economía, Emprego e Industria, na área de emprego e, doutra, a Secretaría Xeral da Igualdade, da extinta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza, no tocante á promoción e adopción das medidas encamiñadas á consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Ademais, de conformidade co proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade procedese á supresión dun servizo na Secretaría Xeral da Igualdade e a creación dunha subdirección na Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, así como o cambio de adscrición do Servizo do Observatorio do Emprego.

Como consecuencia desta reestruturación orgánica no seo da Xunta de Galicia é necesario que a RPT da Consellería inclúa por unha parte determinados postos que xa formaban parte da estrutura da extinta Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Secretaría Xeral da Igualdade e que agora modifican a súa adscrición, código e, de ser o caso, denominación e, por outra parte, aqueles postos que se crean para dar resposta tanto á estrutura orgánica básica dentro da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego e Igualdade, como aos novos postos creados polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade sen prexuízo dunha posterior aprobación da RPT global da consellería de carácter amplo.

Créanse os postos que se expoñen nesta memoria necesarios para o funcionamento da Secretaría Xeral Técnica, coa xustificación que se detalla en cada caso.

Asemade, é necesario modificar puntualmente a adscrición orgánica do Servizo do Observatorio do Emprego, que dependerá directamente da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Tamén se modifica o requisito de titulación da Xefatura de Sección de Réxime Xurídico de Persoal, dentro da Secretaría Xeral Técnica, eliminando o requisito da titulación en Dereito, pasando a ser mérito e abrindo en consecuencia a dita sección tamén ao subgrupo C1 de Administración Xeral.

SERVIZOS CENTRAIS

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CREACIÓNS

Secretario/a do conselleiro/a

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C01.00.000.15770.001	SECRETARIO/A CONSELLEIRO/A	20	LD	7.771,40	C1-C2	XERAL	A11	640

Créase o posto de secretario/a do/a conselleiro/a, dentro do centro directivo de Gabinete do/a conselleiro/a, que é necesario para a realización dos traballos propios de secretaría da persoa titular da Consellería.

Este posto ten nivel 20, subgrupos C1 e C2 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión deste posto polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Secretario/a do/a secretario/a xeral técnico/a

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.000.15770.001	SECRETARIO/A DO SECRETARIO/A XERAL TÉCNICO/A	18	LD	7.059,92	C1-C2	XERAL	A11	640

Créase o posto de secretario/a da Secretaría Xeral Técnica para a realización dos traballos propios de secretaría deste órgano.

Este posto ten nivel 18, subgrupos C1 e C2 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión deste posto polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Vicesecretario/a xeral

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.001.15770.001	VICSECRETARIO/A XERAL	30	LD	23.026,22	A1	XERAL/ESPECIAL	A11	640

Créase o posto de vicesecretario/a xeral para a cobertura do posto da unidade da Vicesecretaría Xeral coa denominación dada polo Decreto 215/2020 e o desempeño das funcións nel establecidas.

Este posto ten nivel 30, subgrupo A1 da Administración Xeral ou Especial , a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión da Vicesecretaría Xeral polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se

poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Así mesmo queda xustificada pola especial responsabilidade do posto e os precedentes constatados en todas as consellerías da Xunta de Galicia.

Por outra parte é necesario que a escala á que está aberta o posto sexa tanto xeral como especial, en coherencia coa apertura a outras Administracións públicas, o que permite a posibilidade de que o persoal de escalas especializadas por razón da materia poida optar a este posto, tendo en conta as funcións deste posto, que, abranguen, entre outras, as de elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, modernización, métodos de traballo e de mellora da xestión, a coordinación da elaboración dos plans, programas e estratexias da consellería, a coordinación, o seguimento e o control dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración en que sexa parte a consellería, a coordinación das obras e proxectos de competencia da consellería, razóns polas que se considera aconsellable o posible acceso de postos de Administración especial con competencias nestas materias, como é o caso das escalas de enxeñaría.

Xefatura do Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.001.15770.002	XEF. SERVIZO DE CALIDADE DE PROCED. E SISTEMAS	28	CE	17.499,30	A1-A2	XERAL	AXG	

Dependendo da Vicesecretaría Xeral créase o posto da Xefatura do Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas para a cobertura do posto da unidade do mesmo nome creada polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, en dependencia directa da persoa titular da Vicesecretaría Xeral. Este posto ten nivel 28, subgrupos A1 e A2 da Administración Xeral e a súa forma de provisión é por concurso específico, e o seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva para funcionarios da Xunta de Galicia).

Xefatura de Sección

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.001.15770.003	XEFATURA DE SECCIÓN	25	C	12.894,00	A1-A2-C1	XERAL	AXG	

No Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas créase unha Xefatura de Sección co obxecto de que preste o debido apoio nas funcións de xestión e tramitación propias deste Servizo.

Este posto ten nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral , a súa forma de provisión é por concurso, e o seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia).

Subdirector/a Xeral de Réxime Xurídico e Recursos Humanos

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.001	SUBD. XERAL DE RÉX. XURÍDICO E REC. HUMANOS	30	LD	23.026,22	A1	XERAL	A11	640

Créase o posto de Subdirector/a de Réxime Xurídico e Recursos Humanos para a cobertura da Subdirección coa mesma denominación creada polo Decreto 215/2020 e coas funcións nel establecidas, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica.

Este posto ten nivel 30, subgrupo A1 da Administración Xeral , a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión desta Subdirección polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Xefatura do Servizo de Recursos Humanos

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.010	XEFATURA DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS	28	CE	17.499,30	A1-A2	XERAL	AXG	PER	

Créase o posto de Xefatura do Servizo de Recursos Humanos para a cobertura do posto correspondente ao Servizo coa mesma denominación creado polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, e coas funcións nel establecidas, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Recursos Humanos.

Este posto ten nivel 28, subgrupos A1 e A2 da Administración Xeral , a súa forma de provisión é por concurso específico. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia) e a área funcional é a de persoal.

Xefatura de Sección de Recursos Humanos

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.015	XEFATURA DE SECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS	25	C	12.894,00	A1-A2-C1	XERAL	AXG	PER	

Dentro da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Recursos Humanos créase unha Xefatura de Sección de Recursos Humanos co obxecto de que preste o debido apoio nas funcións de xestión e tramitación propias do Servizo de Recursos Humanos.

Este posto ten nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por concurso. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia) e a área é a de persoal.

Xefatura de Sección

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.025	XEFATURA DE SECCIÓN	25	12.894,00	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG	XUR	501

Dentro da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Recursos Humanos créase unha Xefatura de Sección co obxecto de que preste o debido apoio nas funcións de xestión e tramitación propias do Servizo Técnico-Xurídico.

Este posto ten nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por concurso. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia). A área funcional é a xurídica. Dentro da formación específica inclúese a titulación de licenciatura/grao en Dereito como mérito, tendo en conta o carácter eminentemente xurídico das funcións propias deste Servizo, para as cales a dita formación pode ter unha inmediata utilidade e aplicación práctica.

Subdirector/a Xeral de Xestión Económica e Contratación

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.003.15770.001	SUBD. XERAL DE XESTIÓN ECON. E CONTRATACIÓN	30	LD	23.026,22	A1	XERAL/ESPECIAL	A11	640

Créase o posto de Subdirector/a Xeral de Xestión Económica e Contratación para a cobertura da Subdirección coa mesma denominación creada polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, e coas funcións nel establecidas, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica.

Este posto ten nivel 30, subgrupo A1 da Administración Xeral ou Especial, a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión desta Subdirección polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Por outra parte é necesario que a escala á que está aberta o posto sexa tanto xeral como especial, en coherencia coa apertura a outras Administracións públicas, o que permite a posibilidade de que o persoal de escalas especializadas por razón da materia poida optar a este posto. Téñase en conta que nesta subdirección está presente a escala especial de arquitectos/as e pode ser conveniente que o persoal especializado nesta materia ocupe este posto, tendo en conta o importante volume de edificios públicos dos que esta Consellería é responsable, xa que a Consellería de Emprego e Igualdade conta con máis de 50 inmobles adscritos.

Secretario/a do director/a xeral de Relacións Laborais

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/ escala	Adscr.	Formación específica
EM.C05.00.000.15770.001	SECRETARIO/A DO/A DIRECTOR/A XERAL	18	LD	7.059,92	C1-C2	XERAL	A11	640

Créase o posto de secretario/a da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para a realización dos traballos propios de secretaría deste órgano creado polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro.

Este posto ten nivel 18, subgrupos C1 e C2 da Administración Xeral , a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión deste posto polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Creación dunha unidade administrativa con nivel 25 do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, dependente directamente da persoa titular da Dirección Xeral, coa seguinte configuración:

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Observacións
EM.C06.00.000.15770.001	UNIDADE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE EMPREGO	25	LD	12.894,00	A1-A2-C1	XERAL	AXG	DISPONIBILIDADE HORARIA

Este posto ten nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por libre designación. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia). O posto precisa o requisito de dispoñibilidade horaria

O Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) regulado no artigo 12 do Real Decreto legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego, constitúe un dos instrumentos de coordinación do Sistema Nacional de Emprego.

O SISPE artículase en torno a un Comité de Dirección, unha Comisión de Coordinación e Seguimento e diversos Grupos de Traballo.

O Comité de Dirección está integrado polas persoas titulares das direccións xerais do Estado e das Comunidades Autónomas con competencias en materia de formación e colocación e lle corresponde fixar os obxectivos e prioridades e tomar decisión sobre as propostas da Comisión.

A Comisión está integrada por persoal empregado público estatal e autonómico e lle corresponde planificar as actividades dos grupos de traballo, analizar as propostas que estos elaboren e elevalas, de ser o caso, ao Comité de Dirección para a súa aprobación e posterior implantación.

Esta unidade créase para que a persoa funcionaria que a desempeñe represente á Comunidade Autónoma de Galicia nas sesións da Comisión de Coordinación e Seguimento, asesore a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación en canto membro do Comité de Dirección e execute as súas instrucións no exercicio das súas actividades na Comisión e, eventualmente, nos Grupos de Traballo.

Para desempeñar estas funcións esíxese un alto grado de confianza, co obxectivo de garantir a correcta implementación dos obxectivos institucionais contidos nas políticas que se definan e aproben polo Comité de dirección do SISPE. Ademais, ao corresponderlle a representación da Comunidade Autónoma na Comisión de coordinación, actuará como portavoz dos criterios ou directrices emanadas da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Por iso, ademais da necesaria competencia técnica para o exercicio das súas tarefas, o posto require cercanía e identificación no proceso de toma de decisións, xa que debe asumir a responsabilidade e obriga de reserva na execución das tarefas que se lle encomenden. Tamén hai que considerar que algunhas das súas funcións deben desenvolverse fóra do horario habitual de traballo do persoal funcionario, polo que se esixe dispoñibilidade horaria.

Todo o anterior e, especialmente, o asesoramento e dependencia directa da persoa titular da dirección xeral, que ten a condición de alto cargo, xustifica excepcionalmente a provisión do posto polo sistema de libre designación, de conformidade co disposto na Instrucción cuarta 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 4 de marzo).

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Xefatura de Sección

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C10.00.002.15770.025	XEFATURA DE SECCIÓN	25	C	12.894,00	A1-A2-C1	XERAL	AXG	

Dentro da Secretaría Xeral da Igualdade créase unha Xefatura de Sección, co obxecto de que preste apoio no Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación, debido ao notable volume de traballo deste Servizo que ademais asume parte das funcións que viña desenvolvendo outro Servizo da mesma Subdirección, como logo se expoñerá.

Este posto ten nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por concurso. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia).

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Subdirector/a Xeral de Coordinación de Programas

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C05.00.020.15770.001	SUBD. XERAL DE COORDINACIÓN DE PROGRAMAS	30	LD	23.026,22	A1	XERAL	A11	640

Créase o posto de Subdirector/a Xeral de Coordinación de Programas para a cobertura da Subdirección coa mesma denominación creada polo Decreto que modifica o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, e coas funcións nel establecidas, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral.

Este posto ten nivel 30, subgrupo A1 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por libre designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión desta Subdirección polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: “Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”.

Coa creación desta Subdirección trátase de reforzar a capacidade de actuación da Consellería de Emprego e Igualdade no eido do emprego, o que resulta necesario para responder á necesidade de mellorar as políticas activas de emprego, optimizando as oportunidades que ofrecerán tanto os fondos europeos de recuperación como

o novo marco dos fondos estruturais e de investimento para o período 2021-2027 . Por iso, para conseguir unha maior eficacia na xestión das competencias en materia de fomento do emprego, evitando solapamentos ou perda de eficiencia nos recursos públicos, refórzase a estrutura da Dirección Xeral de Emprego, Tráballo Autónomo e Economía Social, coa creación dunha nova Subdirección de Coordinación de Programas á que lle corresponderá tanto a planificación e o deseño de novos programas transversais de apoio ao emprego, independentemente do colectivo ao que se dirixan, como a coordinación e o apoio ao seguimento das distintas liñas de axuda e programas para a creación e mantemento de emprego estable e de calidade que desenvolve ou que poña en marcha no futuro a dirección xeral.

Xefatura de sección de acreditación das cualificacións profesionais I

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C06.00.004.15770.020	XEFATURA DE SECCIÓN DE ACREDITACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS I	25	12.894,00	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG		

Xefatura de sección de acreditación das cualificacións profesionais II

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C06.00.004.15770.025	XEFATURA DE SECCIÓN DE ACREDITACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS II	25	12.894,00	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG		

Estes dous postos teñen nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1 da Administración Xeral , a súa forma de provisión é por concurso. O seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia).

Estas dúas creacións efectúanse a proposta do centro directivo correspondente e como consecuencia disto amortízanse dous postos base, recentemente funcionarizados, tendo en conta a ampliación de tarefas que vai afectar directamente a unha das funcións que é piar na Dirección Xeral de Formación e Colocación que é o Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral e que se ve modificado pola entrada en vigor do Real Decreto 143/2021, de 9 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral (BOE do 10 de marzo de 2021). En virtude deste Real Decreto prodúcense os seguintes cambios principais no procedemento de acreditación das competencias:

- o procedemento pasa a estar aberto de xeito permanente, é dicir, deixa de ser mediante convocatoria anual, cun prazo de presentación de solicitudes e no que a administración era a que determinaba que número de prazas se convocaban e en que unidades de competencia (cualificacións) se convocaban, logo de analizar os recursos e medios dos que dispoñía e priorizando en función desa análise as cualificacións a convocar e así na actual convocatoria 2021 son 7 as cualificacións convocadas.

- este procedemento aberto de xeito permanente debe estar referido á totalidade das unidades de competencias profesionais incluídas na oferta existente de Formación Profesional de cada comunidade autónoma vinculada ao Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, é dicir, antes era a Administración a que de determinaba cales eran as unidades de competencia que se convocaban e agora ten a obriga de posibilitar ás persoas poder obter ese recoñecemento da competencia en calquera das unidades que exista na oferta da Formación Profesional en Galicia.

Ante este cambio atopámonos, a título de exemplo, que na oferta de Formación Profesional para o Emprego 2019, que ten carácter bianual, constaba de 226 especialidades formativas incluídas no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais e das cales 192 conducen a obtención dun certificado de profesionalidade, deste xeito quedan 34 especialidades formativas que obrigatoriamente deberase estar en disposición de posibilitar a obtención do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, é dicir, pasamos de 7 a, como mínimo, 34 especialidades que teremos a obriga de dar resposta e, evidentemente, co aumento de traballo que iso supón.

Téñase en conta tamén que a acreditación das cualificacións constitúe un importante instrumento para que a persoa poida obter un recoñecemento profesional oficial que lle permita unha maior facilidade de inserción e progreso no mercado de traballo ao que as Administracións públicas deben dar resposta.

Polas razóns expostas considérase procedente a amortización dos dous postos base subgrupo A1 (que logo se detallan no apartado de amortizacións) e a creación das dúas seccións.

MODIFICACIÓNS

Efectúanse as seguintes modificacións nos servizos centrais:

- O posto denominado con código EI.201.00.001.15770.050 denominado Xefatura Servizo Técnico Xurídico II, como consecuencia do traspaso á Consellería de Emprego e Igualdade pasa agora a ter o código EM.C02.00.002.15770.005 e denominarse Xefatura Servizo Técnico Xurídico e pertence ao centro directivo Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Recursos Humanos, mantendo as demais características, excepto que se introduce a área funcional xurídica, de conformidade coa natureza e funcións do posto.

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área func.	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.005	XEFATURA SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO	28	CE	17.499,30	A1-A2	XERAL	AXG	XUR	2062

- O posto denominado EI.201.00.001.15770.033 Xefatura Sección Réxime Xurídico do Persoal ten como requisito de titulación académica a licenciatura ou grao en Dereito (código 2062), considérase que de acordo coas funcións que se están desenvolvendo relativas ao apoio en materia de recursos de persoal e preparación de expedientes de recursos xudiciais non resulta imprescindible a posesión desta titulación, se ben se pode considerar unha axuda que achega unha importante base de coñecementos xurídicos ao respecto, polo que se considera que pode estar establecido como mérito o feito de posuír esta titulación (código 501), o que implica a . Asemade introdúcese a área funcional de persoal, quedando o posto da seguinte forma:

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Área funcional	Formación específica
EM.C02.00.002.15770.030	XEFATURA SECCIÓN RÉXIME XURÍDICO DO PERSOAL	25	C	12.894,00	A1-A2-C1	XERAL	AXG	PER	501

- De acordo co establecido nos traspasos efectuados e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, modifícase o código e denominación do EI.201.00.002.15770.005 Xefatura Servizo Seguimento e Coordinación Orzamentaria que pasa a ter o código EM.C02.00.003.15770.005 e a denominarse Xefatura do Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria, ademais de incluílo na área funcional económica, mantendo as demais características, quedando o posto do seguinte xeito:

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Área func.	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.003.15770.005	XEF DO SERV DE XEST.ECONÓM. E ORZAMENTARIA	28	CE	17.499,30	A1-A2	XERAL	ECO	AXG	

- De acordo co establecido nos traspasos efectuados e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro modifícase o código e denominación do EI.201.00.002.15770.040 Xefatura do Servizo de Proxectos e Obras que pasa a ter o código EM.C02.00.003.15770.010 e a denominarse Xefatura do Servizo de Contratación, Obras e Proxectos, e introdúcese a área funcional de contratación, mantendo as demais características, quedando o posto do seguinte xeito:

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Área func.	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.003.15770.010	XEF. DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN, OBRAS E PROXECTOS	28	CE	17.499,30	A1-A2	XERAL	CON	AXG	

-Modifícase o código do posto Asesor/a xurídico/a de emprego como consecuencia do traspaso do posto, que pasa de código EI.201.00.003.15770.003 a EM.C02.00.007.15770.001.

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Área func.	Adscr.	Formación específica
EM.C02.00.007.15770.001	ASESOR/A XURÍDICO/A DE EMPREGO	30	23.026,22	LD	A1	XSL	AXG		

- De acordo co establecido no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, adscríbense á nova Dirección Xeral de Relacións Laborais os denominados Xefatura Servizo de Verificación de Fondos e Xefatura Servizo de Igualdade, procedentes da antiga Secretaría Xeral de Emprego da extinta Consellería de Economía, Emprego e Industria que se integran na Dirección Xeral de Relacións Laborais, co correspondente cambio de código, coas mesmas características, pero modificando o nome do posto de Xefatura de Servizo de Igualdade, que pasa a chamarse Unidade Administrativa de Igualdade, tal e como establece o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de

febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C04.00.002.15770.005	XEFATURA SERVIZO DE VERIFICACIÓN DE FONDOS	28	LD	17.499,30	A1-A2	XERAL	A11	640

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C04.00.002.15770.050	UNIDADE ADMINISTRATIVA DE IGUALDADE	28	LD	17.499,30	A1-A2	XERAL	A11	555-558-640

-Modifícase a adscrición do posto da Xefatura do Servizo de Observatorio do Emprego, xa que, de acordo coa modificación do Decreto 215/2020, de 3 de decembro, actualmente en tramitación, pasa a depender directamente dun alto cargo, en concreto da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación xa que a próxima dixitalización dos Servizo de Emprego de Galicia require darlle un maior peso á unidade administrativa do Observatorio do Emprego no deseño das políticas de emprego, no relativo a intermediación laboral e a formación para o emprego, tendo en conta a necesidade de afondar nas actuacións prospectivas, e en políticas proactivas, tanto no eido do emprego como da formación, unido á próxima dixitalización dos servizos de emprego de Galicia e ao deseño das axendas das capacidades no eido da formación para a empresa.

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C06.00.000.15770.005	XEFATURA SERVIZO DE OBSERVATORIO DO EMPREGO	28	LD	17.499,30	A1-A2	XERAL/ ESPECIAL	A11- AXG	640

Este posto ten atribuídas as seguintes funcións:

- a) A análise permanente dos datos estatísticos oficiais dispoñibles sobre a situación laboral en Galicia.
- b) A realización de informes técnicos que compilan a evolución das variables máis relevantes e difusión de información a través de ferramentas en calquera formato.
- c) A análise, o seguimento e a información sobre as profesións reguladas, estruturas ocupacionais e perfís profesionais asociados ás cualificacións profesionais.
- d) A detección das necesidades de cualificación dos/das traballadores/as e o seguimento da inserción laboral resultante das accións formativas da formación profesional para o emprego.
- e) A coordinación, xestión e desenvolvemento das probas de avaliación en competencias chave para acceder aos certificados de profesionalidade.
- f) A asistencia á Dirección Xeral de Formación e Colocación nas tarefas que lle sexan encomendadas.

A forma de provisión polo sistema de libre designación xustifícase de acordo co establecido na Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A Disposición cuarta da dita Resolución establece as causas de excepcionalidade que xustifican a posibilidade de

que os postos de xefatura de servizo poidan ser provistos polo sistema de libre designación, entre o que se atopa o seguinte:

“ 1. Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia.

As funcións dos postos que determinan a especial responsabilidade derivada deste criterio son:

1.2. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo”

Por outra parte, debido ás funcións antes indicadas considérase conveniente por unha parte que non estea restrinxido á escala de Administración Xeral e que poida estar abertos a escalas especiais, como por exemplo a de persoal estatístico e á vez combinado coa posibilidade de que a adscrición sexa tamén indistinta para persoal doutras Administracións coa finalidade de facilitar unha elección óptima para o posto.

-Modifícanse as denominacións dos postos correspondentes á Dirección Xeral de Formación e Colocación nos casos en que modifican a súa denominación conforme o Decreto 215/2020, que pasan a denominarse do seguinte xeito

Denominación antiga	Denominación nova (Decreto 215/2020)
Subdirector/a xeral de Promoción Laboral	Subdirector/a xeral de Formación para o Emprego
Xefatura do Servizo da Planificación Laboral	Xefatura do Servizo de Planificación da Formación para o Emprego
Xefatura do Servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral	Xefatura do Servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego
Subdirector/a Xeral de Orientación Laboral	Subdirector/a Xeral de Colocación

Na Secretaría Xeral da Igualdade modifícanse as denominacións dos seguintes servizos

Denominación antiga	Denominación nova (Decreto que modifica o Decreto 215/2020)
Xefatura de Servizo de Promoción e Cooperación Institucional	Xefatura do Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación
Xefatura de Servizo de Fomento	Xefatura do Servizo de Fomento e Promoción da Igualdade

AMORTIZACIÓNS

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Procede a amortización do seguinte posto, que xa non conta con dotación orzamentaria, como consecuencia da aprobación do Decreto de estrutura orgánica:

CENTRO DIRECTIVO-UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL
S.X. DE XESTIÓN TÉCNICO-ADMINISTRATIVA E ORZAMENTARIA	PR.V20.00.001.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL XESTIÓN TÉCN.-ADMTVA. E ORZAM.	A1	30

Por outra parte como consecuencia do establecido no proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego suprímese na Secretaría Xeral da Igualdade o Servizo de Planificación e Programación, dentro da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

CENTRO DIRECTIVO-UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE- S.X. DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	PR.V20.00.002.15770.005	XEFATURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN	A1-A2	28

As funcións destes servizos son asumidas integramente por outros servizos. Deste xeito, o Servizo de Fomento asume a xestión de todos os programas dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, con independencia do tipo de entidade coa que se pretenda colaborar para avanzar na consecución dese obxectivo e as accións de formación no ámbito da igualdade, e pasa a denominarse Servizo de Fomento e Promoción da Igualdade; O Servizo de Promoción e Cooperación Institucional integrará as funcións relativas aos programas de fomento da conciliación e da corresponsabilidade; o fomento do asociacionismo e a participación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade; así como a coordinación das actuacións que se desenvolvan en colaboración con outras administracións públicas, e pasa a denominarse Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación. E o Servizo de Apoio Técnico-Administrativo, ao que xa lle corresponde a xestión económica e orzamentaria da Secretaría Xeral da Igualdade, asume tamén a execución e o seguimento dos programas europeos e de cooperación transfronteiriza nos que participe a Secretaría.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Amortízanse os seguintes postos:

CENTRO DIRECTIVO-UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL
D.X DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN-SUBDIRECCIÓN XERAL DAS CUALIFICACIÓNS	EI.502.00.003.15770.103	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
D.X DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN-SUBDIRECCIÓN XERAL DAS CUALIFICACIÓNS	EI.502.00.003.15770.110	POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16

Tal como se expuxo previamente estas dúas amortizacións teñen por obxecto a creación das dúas seccións de acreditación das cualificacións debido ao importante incremento de volume de traballo neste eido.

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Amortízanse os seguintes postos:

CENTRO DIRECTIVO-UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL
D.X DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	EI.501.00.000.15770.032	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D.X DE EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	EI.501.00.000.15770.045	SUBALTERNO/A	AP	10

Estes dous postos están vacantes e acumulan xa meses sen poder ser provistos polos procesos ordinarios estimando ademais que non resultan necesarios dentro da súa adscripción, directamente, na actual Dirección de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

ÓRGANOS TERRITORIAIS

Como consecuencia da reestruturación resultante no Decreto 215/2020, de 3 de decembro, e do acordo de reparto de postos entre as consellerías afectadas procede a creación na Consellería de Emprego e Igualdade dos postos de Xefe/a Territorial de Ourense e de Pontevedra (Vigo) e dos postos de Xefatura de Servizo Coordinación Administrativa e Xestión Económica da Coruña e de Lugo, xa que, no primeiro caso os antigos dous postos de xefaturas territoriais de Ourense e de Pontevedra (Vigo) permanecen na Vicepresidencia Segunda, mentres que na Consellería de Emprego e Igualdade permanecen os das xefaturas de Coruña e Lugo e, no caso das xefaturas de Servizo dáse a situación inversa. En sentido paralelo a estas creacións é preciso operar as oportunas modificacións de postos, como logo se indicará no apartado correspondente.

CREACIÓNS

De acordo co exposto créanse nos órganos territoriais os seguintes postos:

Xefatura Territorial da Coruña

Xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.15001.010	XEFATURA SERV. COORD. ADM. E XESTIÓN ECONÓMICA	28B	CE	15.991,36	A1-A2	XERAL	AXG	640

Créase o posto de Xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica para a cobertura do Servizo coa mesma denominación creado polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, e coas funcións nel establecidas, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Recursos Humanos.

Este posto ten nivel 28B, subgrupos A1 e A2 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por concurso específico, e o seu tipo de adscripción é AXG (adscripción exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia).

Xefatura Territorial de Lugo

Xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.27001.010	XEFATURA SERV. COORD. ADM. E XESTIÓN ECONÓMICA	28B	CE	15.991,36	A1-A2	XERAL	AXG	640

Créase o posto de Xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica para a cobertura do posto do Servizo coa mesma denominación creado polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, e coas funcións nel establecidas, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Recursos Humanos.

Este posto ten nivel 28B, subgrupos A1 e A2 da Administración Xeral, a súa forma de provisión é por concurso específico, e o seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia).

Xefatura Territorial de Ourense

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.32001.001	XEFE/A TERRITORIAL	28A	LD	17.499,30	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	A11	640

Créase o posto de Xefe/a Territorial, nivel 28, subgrupos A1 e A2 de Administración Xeral e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas). Provese polo sistema de libre designación de acordo co establecido na Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Por outra a escala á que estará aberta o posto sexa tanto xeral como especial, ao igual que nas demais consellerías da Xunta de Galicia.

Xefatura Territorial de Pontevedra (Vigo)

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.36560.001	XEFE/A TERRITORIAL	28A	LD	17.499,30	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	A11	640

Créase o posto de Xefe/a Territorial, nivel 28, subgrupos A1 e A2 de Administración Xeral e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas). Provese polo sistema de libre designación de acordo co establecido na Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Por outra parte a escala á que está aberta o posto será tanto xeral como especial, ao igual que nas demais consellerías da Xunta de Galicia.

-Modifícanse nas distintas xefaturas territoriais a denominación dos postos correspondentes á Xefatura do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, que pasan a denominarse no novo acordo de estrutura orgánica Xefatura Servizo de Formación e Colocación co correspondente cambio de código.

Código	Denominación	Nivel		Forma provis.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.15001.030	XEFATURA SERV. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	
EM.C99.10.000.27001.030	XEFATURA SERV. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	
EM.C99.10.000.32001.103	XEFATURA SERV. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	
EM.C99.10.000.36560.030	XEFATURA SERV. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	

-Modifícanse así mesmo os códigos correspondentes aos Servizos de Emprego e Economía Social de cada Xefatura territorial

Código	Denominación	Nivel		Forma provis.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.15001.020	XEFATURA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	AXG	
EM.C99.10.000.27001.020	XEFATURA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	AXG	
EM.C99.10.000.32001.102	XEFATURA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	AXG	
EM.C99.10.000.36560.020	XEFATURA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL/ESPECIAL	AXG	

- Modifícase o código dos postos de xefatura territorial derivados do acordo de traspaso dos postos da antiga consellería de Economía e Emprego e Industria (xefaturas territoriais da Coruña e Lugo) e o corpo/escala de adscrición, en coherencia coas xefaturas creadas de Pontevedra (Vigo) e Ourense e dos demais postos análogos da Xunta de Galicia é xeral/especial.

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.15001.001	XEFE/A TERRITORIAL	28	20.599,04	LD	A1-A2	XERAL	A11	
EM.C99.10.000.27001.001	XEFE/A TERRITORIAL	28	20.599,04	LD	A1-A2	XERAL	A11	

- Modifícase o código dos postos das xefaturas de servizo de coordinación derivados do acordo de traspaso dos postos da antiga consellería de Economía e Emprego e Industria (xefaturas territoriais de Pontevedra (Vigo) e Ourense).

Código	Denominación	Nivel	Forma provis.	C. espec.	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr.	Formación específica
EM.C99.10.000.32001.101	XEFATURA SERV. COORD. ADM. E XESTIÓN ECONÓMICA	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	
EM.C99.10.000.36560.010	XEFATURA SERV. COORD. ADM. E XESTIÓN ECONÓMICA	28	15.991,36	CE	A1-A2	XERAL	AXG	

AMORTIZACIÓNS

As amortizacións nos órganos territoriais son as seguintes:

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

CENTRO DIRECTIVO-UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL
OFICINA DE EMPREGO DE PONTEVEDRA BISBARRA	EI.C99.20.902.36001.034	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
OFICINA DE EMPREGO DE LÓPEZ MORA (VIGO)	EI.C99.20.901.36560.051	TITULADO/A SUPERIOR	A1	20

Os postos están vacantes e sen ocupantes. Estes postos creáronse como consecuencia de diferentes procesos de xestión de persoal. Considérase que o número actual de postos de titulados superiores/postos base subgrupo A1 non está a ser o axeitado para dar resposta ás necesidades que teñen as oficinas de emprego diariamente sendo necesario axeitar a estrutura de persoal destas oficinas coa correspondente adecuación a esas necesidades mediante a creación e/ou redefinición das actuais relacións de postos de traballo.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data sinalada á marxe

O secretario xeral técnico

José Ramón Pardo Cabarcos